

tiva do Consello 76/769/CEE, do 27 de xullo, relativa á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos estados membros que limitan a comercialización e o uso de determinadas substancias e preparados perigosos, e as súas posteriores modificacións.

Este real decreto sufriu varias modificacións no seu anexo I, como consecuencia da evolución da normativa comunitaria na materia e da necesidade de incrementar os niveis de protección da saúde. A última modificación constitúe a Orde PRE/2666/2002, do 25 de outubro, onde se impoñen limitacións á comercialización e uso da creosota e o hexacloroetano, pola que se incorporaron ó noso ordenamento xurídico a Directiva 2001/90/CE e maila Directiva 2001/91/CE da Comisión, polas que se adapta ó progreso técnico por sétima e oitava vez o anexo I da citada Directiva 76/769/CEE.

O Ministerio de Sanidade e Consumo é a autoridade competente no control sanitario dos produtos químicos, que se dirixe a previr e limitar os efectos prexudiciais para a saúde humana, derivados da exposición a curto e longo prazo, de substancias e preparados perigosos.

Os coñecementos científicos e técnicos actuais demostraron que algúns sistemas antiincrustantes usados en barcos representan un risco para o medio acuático. O Convenio internacional sobre o control dos sistemas antiincrustantes prexudiciais da Organización Marítima Internacional (OMI), da que España forma parte, inclúe a prohibición, a partir do 1 de xaneiro de 2003, da aplicación ou reaplicación de compostos de estaño que actúan como biocidas en sistemas antiincrustantes dos buques. Todo iso conduciu á publicación da Directiva 2002/62/CE, do 9 de xullo, pola que se adapta ó progreso técnico por novena vez o anexo I da Directiva 76/769/CEE, do 27 de xullo, que limita a comercialización e o uso dos compostos organoestánnicos. Esta directiva constitúe a revisión das disposicións relativas ós compostos organoestánnicos establecidas na Directiva 1999/51/CE da Comisión, pola que se adapta ó progreso técnico por quinta vez o anexo I da Directiva 76/769/CEE, trasposta ó noso ordenamento xurídico mediante a Orde do 24 de marzo de 2000.

Esta orde, que se dicta en uso das facultades atribuídas na disposición derradeira segunda do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, incorpora ó noso ordenamento xurídico a citada Directiva 2002/62/CE.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Sanidade e Consumo e de Ciencia e Tecnoloxía, oídos os sectores afectados, dispoño:

Artigo único. *Modificación do anexo I do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro.*

Modifícase o anexo I do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, polo que se impoñen limitacións á comercialización e ó uso de substancias e preparados perigosos, do seguinte xeito:

Substitúese o punto 16. «Compostos organoestánnicos» do anexo I do Real decreto 1406/1989, polo que figura no anexo desta orde.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 24 de febreiro de 2003.

RAJOY BREY

Excma. Sra. ministra de Sanidade e Consumo e Excmo. Sr. ministro de Ciencia e Tecnoloxía.

## ANEXO

Denominación das substancias, dos grupos de substancias ou dos preparados	Limitacións
16. Compostos organoestánnicos.	<ol style="list-style-type: none"> <li>Non se poderán comercializar como substancias e compoñentes de preparados cando actúen como biocidas antiincrustantes convencionais onde non estean unidos quimicamente á resina principal da pintura.</li> <li>Non se poderán comercializar nin utilizar como substancias e compoñentes de preparados que actúen como biocidas destinados a impedir as incrustacións de microorganismos, plantas ou animais en: <ol style="list-style-type: none"> <li>Tódalas embarcacións, independentemente da súa eslora, destinadas a ser utilizadas en canles mariñas e costeiros, esteiros, vías de navegación interior e lagos;</li> <li>As caixas, flotadores ou redes ou calquera outro aparello ou equipo utilizado en piscicultura e conculicultura;</li> <li>Calquera equipo ou aparello somerxido total ou parcialmente.</li> </ol> </li> <li>Non se admitirán como substancias e compoñentes de preparados destinados a ser utilizados no tratamento de augas industriais.</li> </ol>

## MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**4012** *REAL DECRETO 176/2003, do 14 de febreiro, polo que se regula o exercicio das funcións de control e inspección das actividades de pesca marítima. («BOE» 50, do 27-2-2003.)*

O Regulamento (CEE) n.º 3760/92, do Consello, do 20 de decembro de 1992, polo que se establece un réxime comunitario da pesca e a acuicultura, contén a previsión da obriga de establecer un sistema comunitario de control aplicable á totalidade do sector pesqueiro, dirixido á consecución do réxime comunitario da pesca e acuicultura previsto naquel.

En desenvolvemento da devandita previsión, o Regulamento (CEE) n.º 2847/93, do Consello, do 12 de outubro de 1993, polo que se establece un réxime de control aplicable á política pesqueira común, imponlles ós estados membros garantir o cumprimento da normativa comunitaria no seu territorio e nas augas marítimas suxeitas á súa soberanía ou xurisdicción, así como velar pola actividade dos seus buques en tódalas augas, incluí-

c

das as de mar a fóra, polo que cada Estado tomará as medidas necesarias para garanti-lo mellor sistema de control, que comprenderá tanto a inspección de buques pesqueiros e a súa localización vía satélite como as actividades de desembarque, transbordo, primeira venda, transporte e almacenamento de produtos da pesca.

A Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, establece entre os seus fins o de velar pola explotación equilibrada e responsable dos recursos pesqueiros, favorecendo o seu desenvolvemento sostible e adopta-las medidas precisas para protexer, conservar e rexenera-los devanditos recursos e os seus ecosistemas. Con tal fin, o capítulo VI do título I da citada lei establece o réxime de control e inspección da actividade de pesca marítima en tódalas augas, con excepción das augas interiores, establecendo no seu artigo 39.1 que se adoptarán as medidas de inspección e control necesarias para garanti-lo cumprimento da normativa de pesca marítima.

Este réxime de control e inspección das actividades de pesca marítima deberá preve-las obrigas que na materia se derivan da Unión Europea e dos convenios, acordos e tratados internacionais nos que España ou a Unión Europea sexan parte.

Este real decreto dítase ó abeiro da facultade conferida ó Goberno na disposición adicional segunda da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.

O proxecto foi comunicado á Comisión Europea en cumprimento do disposto no artigo 38 do Regulamento (CEE) n.º 2847/93.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros do día 14 de febreiro de 2003,

## DISPONGO:

### Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto regula-las funcións de control e inspección da actividade de pesca marítima no ámbito das competencias da Administración xeral do Estado, co obxecto de garanti-lo cumprimento da normativa comunitaria e nacional en materia de pesca marítima, así como das obrigas derivadas para España de acordos, convenios e tratados internacionais.

### Artigo 2. *Persoal dos servizos de inspección da Administración xeral do Estado.*

1. A función inspectora de pesca marítima será desempeñada polo persoal ó servizo da Administración xeral do Estado que ocupe postos de traballo específicos para o desempeño da devandita función.

2. Os inspectores de pesca marítima terán no exercicio das súas funcións a consideración de axentes da autoridade.

Os que cometeren atentados contra os funcionarios ou axentes dos servizos de inspección, de feito ou de palabra, en acto de servizo ou con motivo deste, incorrerán nas responsabilidades a que houber lugar segundo a lexislación vixente. Para tales efectos, os inspectores porán os devanditos actos en coñecemento dos órganos competentes, co fin de que se insten os oportunos procedementos e se exerzan, se é o caso, as accións legais que procedan para a esixencia de tales responsabilidades.

3. Así mesmo, as funcións de inspección de pesca marítima poderán ser levadas a cabo por outros órganos da Administración xeral do Estado en virtude de delegación, así como de convenios de cooperación, cando

se trate de órganos con personalidade xurídica diferenciada, ou por outras administracións públicas mediante convenio de colaboración ou outros instrumentos xurídicos previstos legalmente.

4. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá habilitar determinados funcionarios para realizar labores de inspección en caso necesario.

5. As funcións de simple control e vixilancia poderán ser desenvolvidas por persoal de apoio baixo a dirección e supervisión dos inspectores.

### Artigo 3. *Ámbito de actuación da función inspectora.*

1. Correspóndelles ós inspectores de pesca marítima as actuacións de vixilancia, control e inspección da actividade pesqueira.

2. As ditas funcións de vixilancia, control e inspección das actividades de pesca marítima exerceranse en:

a) Augas sometidas á soberanía ou xurisdicción española sobre os buques pesqueiros españois, buques con pavillón doutros estados membros e buques de países terceiros e buques rexistrados nun país terceiro.

b) Augas fóra da zona de pesca comunitaria, sen prexuízo do establecido en tratados, convenios ou acordos internacionais, sobre os buques pesqueiros españois, así como sobre os buques cualificados regulamentariamente como de abandeiramento de conveniencia ó mando dos cales se atope un titulado náutico-pesqueiro de nacionalidade española.

c) Augas suxeitas a regulación por organismos rexionais de pesca cando así se estableza na súa regulación ou en virtude das obrigas derivadas da aplicación de tratados, convenios ou acordos internacionais na materia.

d) Tódalas augas respecto das operacións de transbordo nas que participe un buque español e en augas baixo soberanía ou xurisdicción española respecto das efectuadas por buques comunitarios ou de países terceiros.

e) Augas baixo soberanía ou xurisdicción española sobre calquera outra actividade pesqueira.

f) Peirao ou porto, en relación coas artes e as capturas con ocasión do seu desembarque ou descarga antes da súa primeira venda ou da iniciación do transporte cando se trate de produtos non vendidos na lonxa de desembarque, así como das operacións de transformación dos produtos a bordo.

g) Almacéns, lonxas e outros establecementos ou lugares onde se depositen ou descarguen produtos pesqueiros, antes da súa primeira venda ou do inicio do seu transporte, cando non se venda na lonxa do porto de desembarque e respecto dos produtos pesqueiros importados con ocasión do seu desembarque ou descarga en todo o territorio nacional.

3. O obxecto da actividade de control e inspección realizarase en relación con:

a) As licencias e autorizacións de pesca.  
b) Os aparellos, artes e utensilios de pesca.  
c) A zona xeográfica onde se desenvolva a actividade.  
d) Os dispositivos de localización de buques vía satélite (caixas azuis).

e) Os diarios de pesca, declaracións de desembarque e de transbordo e todos aqueles libros e documentos nos que se rexistre a actividade de pesca, incluíndo a comprobación da veracidade do seu contido.

f) Os produtos da pesca, incluídos aqueles que sexan obxecto de importación para os efectos previstos na disposición adicional cuarta da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.

g) O exercicio da actividade pesqueira en xeral.

#### Artigo 4. *Facultades dos inspectores.*

1. No exercicio da súa función, os inspectores de pesca marítima están facultados para:

a) Acceder, logo da debida identificación, ás embarcacións, portos, almacéns ou outros establecementos, dependencias e puntos de primeira venda.

b) Esixi-la parada do buque que se vai inspeccionar e cantas medidas sexan necesarias para facilita-la subida a bordo dos inspectores e a dos que os auxilian, así como a presenza do capitán ou patrón dos pesqueiros inspeccionados ou de calquera outra persoa que se atope a bordo, os cales estarán obrigados a facilita-la inspección.

c) Practica-las probas, investigacións ou exames que resulten necesarios para asegurarse da observancia das disposicións legais vixentes en materia de pesca marítima.

d) Ocupar e rete-los documentos relacionados coa infracción, sacar copias daqueles, se a inspección dun buque se culminase co levantamento dunha acta de infracción.

e) Solicitar das persoas presentes que lles faciliten cantos documentos e rexistros teñan baixo a súa custodia ou posesión, referentes ás capturas, desembarques, transbordos, depósito, venda ou alleamento dos devanditos produtos da pesca.

f) Dete-las tarefas de desembarque ou descarga de calquera medio de transporte, se se comproba que no seu desenvolvemento non se cumpren os requisitos regulamentarios.

g) Levar a cabo controis e inspeccións desde aeronaves, utilizando os sistemas de a bordo, sobre os buques pesqueiros ou que transporten produtos da pesca en augas españolas e sobre os buques pesqueiros españois onde queira que se atopen, así como comunicar polos medios técnicos axeitados ós capitáns ou patróns do buque avistado as medidas que se é o caso sexan necesarias para restablece-la legalidade.

h) Adoptar, se é o caso, de conformidade co establecido no artigo 7, as medidas provisionais precisas para asegura-la eficacia da resolución que puidese recaer, a boa fin do procedemento, evita-lo mantemento dos efectos da infracción e garanti-los intereses xerais.

2. Para o exercicio das súas funcións os inspectores poderán auxiliarse de persoal necesario, incluído aquel que forme parte da tripulación do buque inspeccionado. Igualmente poderán auxiliarse dos equipos ou materiais que sexan necesarios.

3. Os inspectores de pesca marítima, en casos de necesidade para un eficaz cumprimento da súa función, poderán solicita-lo apoio das forzas e corpos de seguridade do Estado e das policía das comunidades autónomas.

#### Artigo 5. *Deberes dos inspectores.*

1. Os inspectores de pesca marítima realizarán as súas funcións debidamente acreditados, iniciándose as inspeccións mediante a presentación da súa tarxeta de identidade á persoa responsable do buque ou establecemento que se vai inspeccionar.

2. Os inspectores de pesca marítima e o persoal facultado para o exercicio da función inspectora están obrigados a garda-lo segredo profesional de cantos datos, feitos e circunstancias coñezan no exercicio das súas funcións. O persoal sen funcións inspectoras que preste servizos en órganos ou dependencias do servizo de inspección e o persoal de apoio ós inspectores queda suxeito ós mesmos deberes de sigilo acerca do que coñeza por razón do seu posto de traballo.

3. Os inspectores de pesca marítima están suxeitos ás xornadas e horarios especiais establecidos polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación de conformidade coa normativa vixente en materia de xornadas e horarios de traballo do persoal da Administración xeral do Estado, podendo estar suxeitos a dispoñibilidade horaria nos casos en que se determine.

#### Artigo 6. *Actas de inspección.*

1. Cando os inspectores de pesca marítima advirtan algunha conducta que puidese supor unha infracción da normativa pesqueira en vigor, redactarán unha acta na que consten os datos identificativos do buque, do capitán, patrón ou persoa que dirixa as operacións de pesca, as coordenadas xeográficas de situación do buque e a identidade do inspector, detallando a actuación realizada por este en relación coa presunta conducta infractora. O inspector dará copia da acta ó capitán do buque ou ó representante da empresa e, se iso non fose materialmente posible ou este se negase a recibila, farase constar tal circunstancia na acta.

2. Cando a presunta conducta infractora sexa advertida a través do sistema de localización vía satélite, o inspector elaborará un informe que conterá a descrición e interpretación técnica da actividade reflectida e os datos identificativos do buque, do armador, así como aqueloutros que sexa posible determinar. Xunto co informe do inspector, achegarase o documento que acredite vía satélite o posicionamento xeográfico do buque e, se é o caso, os datos de esforzo pesqueiro deste, así como tódolos documentos probatorios posibles sobre o feito denunciado.

3. A acta levantada e o informe do inspector a que se refiren os puntos anteriores terán valor probatorio dos feitos neles recollidos, sen prexuízo do resultado das actuacións previas que se é o caso se leven a cabo e das probas que en defensa dos seus dereitos e intereses poidan achega-los particulares.

4. Cando no exercicio da súa actividade os inspectores de pesca marítima observen algunha posible infracción da normativa en materia de ordenación do sector pesqueiro e de comercialización dos produtos pesqueiros, en materia de seguridade marítima ou calquera outra materia, denunciarán tal conducta ante o órgano competente.

#### Artigo 7. *Medidas provisionais.*

1. Os inspectores de pesca marítima poderán adoptar, desde o momento en que teñan coñecemento da comisión dunha presunta infracción, as medidas preventivas precisas, incluído o apresamento do buque e o seu desvío a porto, nos supostos de infraccións graves ou moi graves.

2. En caso de urxencia ou necesidade, a adopción destas medidas realizarase de forma verbal, sen prexuízo de reflecti-lo acordo e a súa motivación por escrito con carácter inmediato e como máximo no prazo de cinco días, dando traslado do acordo ós interesados.

3. Como medida preventiva, o inspector de pesca poderá proceder ó comiso das especies capturadas ou transbordadas ou importadas, transformadas ou non, que sexan de tamaño ou peso inferiores ós regulamentarios ou que, aínda sendo de tamaño ou peso regulamentarios, sexan especies que estea prohibido capturar.

Igualmente poderá comisar tódalas especies, transformadas ou non, que, aínda sendo de tamaño ou peso regulamentarios, fosen capturadas con artes, aparellos ou utensilios de pesca antirreglamentarios ou prohibidos, ou as capturas das cales se realizasen en zonas

c

ou épocas de veda prohibidas ou o buque carecese de licencia ou autorización para iso.

4. Cando a pesca comisada puidese sobrevivir, o inspector de pesca poderá dispoñer a súa devolución ó medio mariño, a ser posible ante testemuñas e facendo constar nas actas as circunstancias en que a devolución se produce. No caso contrario, en función do volume das devanditas capturas e das súas condicións hixiénico-sanitarias, o inspector poderá dispor darlles algún dos seguintes destinos:

a) Se se trata de especies ou tamaños autorizados, procederáse á poxa pública en lonxa ou lugar autorizado, quedando o importe da devandita venda en depósito á disposición da Delegación do Goberno, a expensas do que se determine na resolución do expediente sancionador.

b) En caso de especies ou tamaños antirregulamentarios, procederáse á súa entrega, mediante recibo que se unirá á denuncia, a unha entidade sen ánimo de lucro, ou ben á súa destrución en presenza de testemuñas, pondo en coñecemento dos interesados a data e lugar en que se efectúe.

5. Os inspectores de pesca marítima poderanse incautar dos aparellos, artes, utensilios e instrumentos de pesca antirregulamentarios, que serán destruídos, así como os regulamentarios utilizados para a comisión dalgún dos feitos tipificados como infracción grave ou moi grave, xa se atopen a bordo, no peirao, porto ou almacén. As artes regulamentarias serán depositadas no lugar e baixo a custodia de quen dispoña a autoridade competente ata a resolución do expediente sancionador. Estas artes serán devoltas en caso de que a resolución apreciase a inexistencia de infracción ou, se é o caso, unha vez feito efectivo o importe da fianza imposta.

#### Artigo 8. *Plan de inspección pesqueira.*

1. A Dirección Xeral de Recursos Pesqueiros do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación establecerá anualmente o plan de actuación xeral da inspección pesqueira e determinará as liñas directoras das operacións de control dos servizos que requiran actuacións prioritarias.

2. Para a determinación das actuacións prioritarias teranse en conta as infraccións que en cada momento teñan unha maior incidencia e impliquen un maior prexuízo para os recursos pesqueiros e principalmente as condutas tipificadas como graves e moi graves.

3. Poderanse asinar convenios de colaboración coas comunidades autónomas na elaboración de plans especiais no marco do plan de actuación xeral, co obxecto de levar a cabo unha actuación coordinada dos servizos de inspección de pesca do Estado cos das comunidades autónomas.

#### Artigo 9. *Deber de colaboración.*

1. As persoas responsables dos buques pesqueiros, dos produtos, das instalacións ou dos medios de transporte obxecto de inspección estarán obrigadas a presta-la súa colaboración ó persoal da inspección pesqueira no exercicio das súas funcións e a achega-la documentación que lles sexa requirida co obxecto de facilita-los labores de inspección.

O incumprimento das obrigas que dimanen do establecido no punto anterior considerarase como negativa ou obstrución á actuación da inspección a teor do establecido na Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.

2. As entidades representativas do sector colaborarán coa inspección:

a) Pondo en coñecemento dos inspectores aqueles feitos que puidesen ser constitutivos de infracción, achegando, se é o caso, probas para a constatación dos feitos.

b) Participando na confección dos plans e programas de inspección mediante a achega dos datos que para tal fin se consideren necesarios e lles sexan solicitados.

c) Solicitando a actuación do servizo de inspección naqueles supostos de grave e reiterado incumprimento da normativa vixente en materia de pesca marítima.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de execución e desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para dictar cantas disposicións sexan necesarias para a execución e o desenvolvemento do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 14 de febreiro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,  
MIGUEL ARIAS CAÑETE

## MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

**4013** *ORDE SCO/388/2003, do 25 de febreiro, pola que se modifican os anexos I e II do Real decreto 90/2001, do 2 de febreiro, polo que se establecen os métodos de toma de mostras e de análise para o control oficial do contido máximo de aflatoxinas en cacahuets, froitos de casca, froitos desecados, cereais, leite e os produtos derivados da súa transformación. («BOE» 50, do 27-2-2003.)*

O Real decreto 90/2001, do 2 de febreiro, polo que se establecen os métodos de toma de mostras e de análise para o control oficial do contido máximo de aflatoxinas en cacahuets, froitos de casca, froitos desecados, cereais, leite e os produtos derivados da súa transformación, regula os procedementos de mostraxe e de análise de aflatoxinas nos produtos alimenticios citados.

Os produtos regulados no Real decreto 90/2001, do 2 de febreiro, son cacahuets, froitos de casca, froitos desecados, cereais, leite e os produtos derivados da súa transformación. Non obstante, os resultados dos controis oficiais realizados polos estados membros, por proposta da Comisión Europea, detectaron contidos altos de aflatoxinas en determinados grupos de especias. Como consecuencia diso, aprobouse o Regulamento 472/2002, que modifica o Regulamento 466/2001, polo que se fixa o contido máximo de determinados contaminantes nos produtos alimenticios, no que se establecen límites máximos de aflatoxinas en determinadas especias.